



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

*R.P.2024/9709.- Aprobación das bases reguladoras das bolsas de investigación para o ano 2024*

#### RESOLUCIÓN POLA QUE SE DISPÓN AVOCAR A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS BOLSAS DE INVESTIGACIÓN PARA O ANO 2024 E APROBAR AS DITAS BASES

**DON VALENTÍN GONZALEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Por resolución número 29325, do 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: “A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente”.

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras das bolsas de investigación para o ano 2024

Vistos os informes do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización,

#### RESOLVO:

**Primeiro** - Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, do 24 de xullo de 2023, para a aprobación das Bases reguladoras das bolsas de investigación para o ano 2024

**Segundo** - Aprobar as Bases reguladoras das bolsas de investigación para o ano 2024, segundo o seguinte texto:

#### BASES REGULADORAS DAS BOLSAS DE INVESTIGACIÓN PARA O ANO 2024

##### 1.- Liñas xerais.

##### 1.1.- Obxecto

O obxecto da presente convocatoria é a concesión de 20 bolsas en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, destinadas a persoas con titulación universitaria que pretendan facer un traballo de investigación no período 2024-2025, cunha duración mínima de nove meses a contar desde a publicación da concesión definitiva, distribuídas nas seguintes áreas:

|                                                          |          |
|----------------------------------------------------------|----------|
| Área de artes e humanidades:                             | 5 bolsas |
| Área de ciencias:                                        | 4 bolsas |
| Área de ciencias da saúde:                               | 4 bolsas |
| Área de ciencias sociais, xurídicas e estudos de xénero: | 5 bolsas |
| Área de enxeñaría e arquitectura:                        | 2 bolsas |

O obxectivo desta convocatoria é o apoio á actividade investigadora en temas de interese para a realidade social, cultural, económica e política galega.

Os beneficios alcanzados polo fomento da actividade investigadora teñen impacto positivo nas sociedades, á marxe dos ámbitos territoriais. Ao tempo, desde a área de Educación e Xuventude da Deputación da Coruña entendemos que os recursos que destinamos ao apoio á investigación deben ser compatíbeis con favorecer os máximos retornos sociais, culturais e económicos dos que se beneficien prioritariamente a sociedade e o territorio da provincia da Coruña e, por extensión, o conxunto da sociedade galega.

A dotación das bolsas é de **10.000 €** cada unha delas e o seu importe total, 200.000 €, impútase á aplicación orzamentaria 0612/3262/481 na que existe crédito adecuado e suficiente.

##### 1.2.- Tramitación

Polo que se refire ao tipo de tramitación, as bolsas desta convocatoria tramitaranse de xeito telemático a través da plataforma SUBTEL. O acceso á plataforma faise a través da sede electrónica <https://sede.dacoruna.gal/subtel/>.

A tramitación telemática aplicárase a todas as fases do procedemento: solicitude, concesión e pago; incluíndo en cada unha delas, as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e documentación, e os envíos de documentación que foran necesarios para tramitar os expedientes.

Conforme ao disposto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, notificarase aos interesados as resolucións e actos administrativos que afecten aos seus dereitos e intereses.

A resolución das persoas admitidas e excluídas e as de concesión provisional e definitiva das bolsas, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva e, de conformidade co establecido no artigo 45 da indicada Lei 39/2015, notificarase mediante publicación no taboleiro de anuncios, na sede electrónica (<https://sede.dacoruna.gal/sxc/gl/informacion/>), e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Sen prexuízo do cumprimento da normativa vixente en materia de notificacións administrativas.

## 2.- Solicitantes.

Poderán participar nesta convocatoria todas as persoas residentes na provincia da Coruña que pretendan realizar un traballo de investigación, e que reúnan todos os requisitos que de seguido se relacionan:

**2.1.-** Ter menos de 36 anos na data de finalización do prazo de solicitudes.

**2.2.-** Posuír titulación universitaria (licenciado, diplomado, grao ou equivalente) recoñecida oficialmente.

**2.3.-** Acreditar a residencia en calquera concello da provincia da Coruña, mediante a presentación dun certificado ou volante de empadramento cunha antigüidade mínima dun ano antes da data da publicación no BOP das bases reguladoras. A data de expedición do certificado ou volante será posterior á da publicación destas bases reguladoras no BOP.

**2.4.-** Non ser titular nin ter a concesión, no momento no que se produza a adxudicación da bolsa e durante a duración desta, de ningunha outra bolsa, nin realizar actividades produtivas retribuídas que impliquen vinculación contractual ou estatutaria da persoa interesada, agás aquelas que teñan carácter esporádico e cunha duración total acumulada non superior a 720 horas no período de duración da bolsa.

**2.5.-** Os/as titulares de bolsa só poderán selo en tres convocatorias. As persoas solicitantes que xa fosen titulares de bolsa en tres convocatorias anteriores estarán excluídas de participar nesta.

**2.6.-** Cada participante poderá presentar unha única solicitude.

**2.7.-** Autorizar para o tratamento necesario dos datos dos solicitantes na tramitación desta convocatoria e da súa publicación na sede electrónica e páxina web da Deputación.

### Obrigas das persoas solicitantes:

Tendo en conta que a tramitación será telemática:

A persoa que solicita a bolsa deberá dispoñer dun enderezo de correo electrónico que non poderá variar ao longo de toda a tramitación do expediente, xa que as comunicacións dirixiranse a ese enderezo. Excepcionalmente poderase, de forma xustificada, modificarse o enderezo inicial coa obriga de notificar a dita circunstancia á Deputación.

Deberán dispoñer de certificado dixital:

- a persoa que solicite a bolsa.
- a persoa que a represente perante a Deputación (se é distinta da que solicita a bolsa).

## 3.- Solicitude

### 3.1.- Prazo e presentación de solicitudes:

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da plataforma SUBTEL. O acceso á plataforma faise a través da sede electrónica <https://sede.dacoruna.gal/subtel/>.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido.

Os prazos de presentación de solicitudes determinaranse no anuncio de publicación da convocatoria deste programa no BOP da Coruña a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e remata o día **16 de abril de 2024 ás 14:00 horas**.

### 3.2.- Documentación da solicitude:

A solicitude terá que vir acompañada da seguinte documentación e terá que vir asinada do seguinte xeito:

- No caso das declaracións, compromisos e outra documentación, pola persoa que solicite a bolsa, ou pola persoa que a represente perante a Deputación.

#### 3.2.1.- Área das bolsas á que opta e proxecto no que deberá constar detalladamente:

- A) Resumo do proxecto
- B) Estado da arte, xustificación e obxectivos

C) Deseño, metodoloxía e plan de traballo

D) Cronograma da investigación coa duración prevista da realización das tarefas e actividades.

E) Referencias

Este documento serve de base para a valoración, polo que deberá reflectir claramente o contido do proxecto de investigación.

O proxecto de investigación deberá estar enfocado só ao período polo que se concede a bolsa.

Non se poderá optar a mais dunha área por solicitude.

**3.2.2.-** Certificación académica completa na que figure expresamente:

- A nota media simple do expediente académico en base 10 de conformidade co disposto no R.D 1125/2003 e no protocolo de colaboración subscrito entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as tres universidades galegas para a valoración de expedientes académicos, aprobado por resolución do 15/11/2011 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e publicado no DOG nº 188 do 30/11/2011.

No caso de titulacións de universidades non pertencentes ao Sistema Universitario Galego (SUG), a media simple do expediente académico será determinada polos servizos da Secretaría Xeral de Universidades segundo o establecido no dito protocolo de colaboración do SUG.

- A data de finalización dos estudos.

As persoas solicitantes que cursen os estudos no estranxeiro e posúan a certificación académica en idioma distinto do castelán ou do galego, achegarán a tradución oficial e, ademais do disposto nos apartados anteriores, indicarán as cualificacións máximas e mínimas dentro do sistema de avaliación correspondente, e cal é a cualificación mínima para superar a materia.

**3.2.3.-** Currículo da persoa solicitante segundo o modelo normalizado que se pode atopar na plataforma SUBTEL

Se o traballo se vai realizar coa colaboración dun equipo indicárase os estudos e actividades profesionais das persoas integrantes.

Para a valoración do currículo deberán **achegar a documentación acreditativa correspondente**. No caso de traballos e publicacións será suficiente o enlace web. **Non se valorarán as partes do currículo que non se acrediten documentalmente na solicitude.**

**3.2.4.-** Certificado ou volante de empadramento con data actualizada e con expresión da antigüidade mínima que se establece no apartado 2.3 desta convocatoria.

**3.2.5.-** Declaración doutras axudas solicitadas para o mesmo fin.

**3.2.6.-** Autorización ou oposición para que a Deputación solicite as certificacións que deban emitir a Axencia Tributaria e a Seguridade Social. No caso de non autorizar, deberá presentar as acreditacións de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**3.2.7.-** Autorización para o tratamento necesario dos datos do solicitante na tramitación desta convocatoria e da súa publicación na sede electrónica e páxina web da Deputación.

O currículo e a memoria dos proxectos presentados entregáranse preferentemente en lingua galega, sen prexuízo de que poidan figurar en castelán.

#### **4.- Resolución de admitidos e excluídos**

A Deputación publicará no taboleiro de anuncios, na sede electrónica (<https://sede.dacoruna.gal/sxc/gl/informacion/>), a resolución provisional de persoas admitidas e excluídas, xa que coa presentación da solicitude se autoriza para o tratamento necesario dos datos das persoas solicitantes e para a súa publicación.

No prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da data da publicación da resolución de persoas admitidas e excluídas, as persoas interesadas poderán formular reclamacións por erros nas causas de exclusión das solicitudes non admitidas.

Transcorrido este prazo sen que as persoas interesadas formulen reclamacións, considerarase que desisten da súa petición nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

Tamén será causa de desistencia da solicitude, non axustarse aos termos da convocatoria, ou o incumprimento dos requisitos establecidos nela.

No caso de que non se formulen alegacións, a resolución provisional considerase definitiva.

No caso de que se formulen reclamacións, deberánse resolver expresamente na resolución definitiva de admitidos e excluídos.

## 5.- Xurado.

Constituirase un xurado para cada área das bolsas. Realizarase de forma conxunta cando menos a xuntanza inicial dos xurados. De ser posible, o resto de sesións será igualmente conxunta.

Cada xurado estará conformado pola deputada delegada de educación e mocidade, que actuará como presidenta, e tres persoas expertas na materia, que serán docentes universitarias ou non universitarias de recoñecido prestixio, ou investigadoras independentes de recoñecido mérito.

As funcións de secretaría exerceraas a secretaria da Corporación, ou a funcionaria ou funcionario en quen delegue.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A composición do xurado publicaráse no taboleiro de anuncios, na sede electrónica (<https://sede.dacoruna.gal/sxc/gl/informacion/>), con anterioridade á súa reunión, co fin de que poidan promover, se é o caso, a recusación dos seus membros.

Para os efectos da validez da constitución do xurado aplicarase o disposto no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e será necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. As deliberacións serán secretas e delas será redactada a acta correspondente.

Cada un dos xurados valorará as solicitudes que lle correspondan en función da área asignada na instancia polas persoas solicitantes; non obstante na primeira reunión que se realice, poderán reasignarse a outra área e por conseguinte a outro xurado, aqueles proxectos que polas súas especiais características ou por erro das persoas solicitantes, non estean correctamente clasificados, coa finalidade de que sexan avaliados polo xurado competente. Despois da primeira reunión, cada xurado confirmará por correo electrónico ao Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes da Deputación da Coruña as propostas de reasignación de proxectos cara outros xurados, con consentimento destes.

Así mesmo, na primeira reunión de cada área os xurados establecerán os subcriterios de valoración que consideren adecuados de conformidade cos criterios e puntuacións previstos na base 6.1.

Cada xurado formulará a súa proposta de concesión, que será motivada.

## 6.- Avaliación das solicitudes e resolución da convocatoria.

O órgano competente para ditar o acordo de resolución da convocatoria é o Presidente da Deputación.

### 6.1.- A valoración das solicitudes realizarase de acordo cos seguintes criterios e puntuacións:

- Expediente académico: máximo 3 puntos.

A valoración do expediente académico farase en función da nota media simple, segundo o establecido no protocolo de colaboración subscrito entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as tres universidades galegas para a valoración de expedientes académicos, aprobado por resolución do 15/11/2011 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e publicado no DOG nº 188 do 30/11/2011.

- Currículo vitae: máximo 2 puntos, de acordo co seguinte:

Título de doutor/a: 1 punto

Mestrado ou posgrao: 0,75 puntos

Participación en proxectos competitivos de I+D+i: máximo 0'6 puntos

Publicacións e documentos científico-técnicos: máximo 0'6 puntos

Comunicacións a congresos nacionais ou internacionais: máximo 0'5 puntos

Estancias en centros de investigación: máximo 0'6 puntos:

do Estado español: 0,1 punto por mes

de fóra do Estado español: 0,2 puntos por mes

Coñecemento de idiomas estranxeiros (proprios da comunicación no seu ámbito científico) nivel B2 ou superior: máximo 0,2 puntos.

- Valoración do proxecto de investigación: máximo 5 puntos

**No apartado de valoración do currículo académico, só se terán en conta aqueles méritos debidamente documentados pola persoa solicitante.**

Para a valoración do proxecto de investigación terase en conta o interese da investigación e o rigor na formulación do proxecto de investigación, de conformidade cos criterios e puntuacións que establezan cada xurado na área correspondente.

A puntuación total de cada solicitante obterase pola suma das puntuacións anteriores.

En ningún caso poderán obter a bolsa as persoas que non acaden a puntuación mínima de 5 puntos na puntuación total.

**6.2.-** Os xurados poderán declarar desertas as bolsas en calquera das áreas que son obxecto da convocatoria cando as propostas presentadas non acaden a puntuación mínima que indique o xurado, despois de ter feita a súa ponderación. As bolsas desertas poderanse asignar a outra área.

**6.3.-** Cada xurado poderá nomear o número de suplentes que considere oportuno, establecendo unha orde de prioridade de acordo coa puntuación obtida. Estas persoas accederán ás bolsas, unicamente, no caso de existir algunha renuncia, ou revogación polo incumprimento das obrigas desta convocatoria. Non accederán ás bolsas os suplentes cando a presentación da renuncia ou a revogación sea de data posterior ao 31/01/2025

**6.4.-** O órgano competente para aprobar a resolución de concesión é o presidente da Deputación.

A Presidencia da Deputación ditará resolución de concesión provisional que lles será notificada ás persoas interesadas na forma establecida na convocatoria, concedéndose un prazo de 10 días hábiles no que poderán desistir da solicitude ou presentar alegacións.

No caso de non formular desistencia expresa ou alegacións, a bolsa considerárase aceptada tacitamente e a resolución provisional considerárase definitiva.

No caso de que existisen alegacións por parte das/os interesadas/os, deberánse resolver expresamente na resolución de concesión definitiva das subvencións.

A resolución de concesión provisional non crea dereito ningún a favor da persoa bolseira proposta fronte á Deputación mentres esta non lle notifique a resolución definitiva de concesión.

A resolución da convocatoria será dada a coñecer mediante a publicación no taboleiro de anuncios, na sede electrónica (<https://sede.dacoruna.gal/sxc/gl/informacion/>) e producirá os efectos de notificación ás persoas interesadas.

**6.5.-** Contra a resolución definitiva poderán ser interpostos, con carácter potestativo, os seguintes recursos:

Recurso de reposición, perante do presidente da Deputación Provincial, no prazo dun mes.

Recurso contencioso administrativo, perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses.

Ambos os dous prazos contaránse dende o día seguinte ao da notificación da resolución da convocatoria, de conformidade co establecido na base 6.4 desta convocatoria.

A presentación dos recursos sinalados non poderá facerse con carácter simultáneo.

**6.6.-** No prazo de **dez días dende a data da concesión definitiva**, cada titular das bolsas deberá:

- Aceptar de xeito telemático a bolsa, e declarar que non están incurso en causa de incompatibilidade.

**Se transcorre o prazo sinalado sen que fose aceptada a bolsa, deixarase sen efecto a adxudicación a persoa que incumpra e poderase adxudicar ao suplente que corresponda.**

**7.- Realización do proxecto e obrigas dos/as bolseiros/as.**

Coa finalidade de acreditar a realización do proxecto, os/as titulares das bolsas terán que cumprir todas as normas establecidas nos apartados anteriores e ademais presentar un informe parcial e unha memoria final da investigación realizada.

**7.1.- Informe parcial.**

Presentaranse na plataforma telemática SUBTEL no prazo de seis meses dende á data de publicación da concesión definitiva, salvo no caso dos suplentes que se contará dende a notificación da súa concesión.

O informe, que estará asinado polo/a bolseiro/a, reflectirá de forma clara os pasos seguidos ate o momento da presentación e o estado no que se atopa a investigación cun criterio rigoroso e fundamentado.

**7.2.- Memoria final.**

Presentarase na plataforma telemática SUBTEL no prazo dun ano dende a data de publicación da concesión definitiva salvo no caso dos/as suplentes que se contará dende a notificación da súa concesión.

Consistirá no propio traballo resultante da investigación debendo constar a consecución do obxectivo fixado no proxecto; esta memoria estará asinada polo/a bolseiro/a, e no seu caso, coa conformidade da persoa directora do traballo. A redacción da memoria farase preferentemente en lingua galega, sen prexuízo de que poida figurar igualmente en castelán.

O xurado valorará a idoneidade das memorias finais. No caso de existir discrepancias na valoración, o xurado decidirá por maioría. Se o informe é desfavorable, declararase a perda do dereito ao cobro da bolsa e procederá o reintegro do anticipo aboado.

Os prazos de presentación poderán ser prorrogados (sen exceder da metade dos prazos inicialmente establecidos), despois de solicitude razoada, e sempre que se presente cunha antelación mínima dun mes respecto á data de presentación.

A presentación fóra de prazo do informe parcial ou da memoria final sen que medie solicitude razoada de prórroga que sexa admitida favorablemente pola Deputación, levará aparellada a imposición dunha sanción de conformidade coa lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, polo que se aproba o seu regulamento, e poderá dar lugar á devolución do importe cobrado ata o momento no que se produza o incumprimento, ao que se lle engadirán os correspondentes xuros de mora.

**7.3.-** Cooperar coa Deputación nas actuacións de comprobación que sexan necesarias para verificar o cumprimento das condicións determinantes da concesión.

**7.4.-** Comunicar calquera variación ou modificación que se produza durante a tramitación do procedemento do cumprimento e efectividade das condicións determinantes da concesión da bolsa.

**7.5.-** Comunicar a renuncia á bolsa no caso de que se produza unha causa determinante desta renuncia.

O incumprimento das condicións recollidas nas presentes bases, así como a renuncia á bolsa, terá como efecto a obrigatoriedade, de ser o caso, de devolución da cantidade percibida, á que se lle engadirán os correspondentes xuros de mora.

## **8. Pagamento.**

Para ter dereito ao aboamento do importe da bolsa é necesario que as persoas beneficiarias cumpran coas obrigas e requisitos establecidos nas presentes bases.

Para o pago das bolsas, as persoas adxudicatarias destas deberán estar ao corrente nas súas obrigas tributarias. Neste senso, o solicitante da bolsa poderá autorizar ou opoñerse, no momento da presentación da súa solicitude, a que a Deputación poida obter as certificacións acreditativas de que está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial da Coruña. De non autorizar á Deputación a obter as ditas certificacións deberá presentar as acreditacións de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Os pagos realizaranse por transferencia bancaria. Para estes efectos o beneficiario da bolsa deberá achegar a certificación de datos bancarios segundo o modelo oficial da Deputación provincial e acreditación da titularidade da conta, segundo as instrucións que figuran no modelo.

Este modelo atópase no enderezo:

[https://www.dacoruna.gal/files/7016/3973/2048/MODELO\\_DESIGNACION\\_CUENTA\\_BANCARIA\\_GALEGO\\_1.pdf](https://www.dacoruna.gal/files/7016/3973/2048/MODELO_DESIGNACION_CUENTA_BANCARIA_GALEGO_1.pdf)

A bolsa aboarase nun único prazo despois da presentación da memoria final da investigación, ou en dous prazos, no caso de que a persoa beneficiaria solicite o pago anticipado do primeiro pago da bolsa.

### **8.1.- Pago nun único prazo**

Aboarase o **100%** da bolsa (10.000,00 €) coa retención que corresponda en concepto de IRPF (salvo que esta convocatoria se recoñeza e inscriba no Rexistro xeral de programas de axudas á investigación, segundo o disposto no artigo 2.1 do RD 439/2007 polo que se aproba o Regulamento do IRPF), despois da presentación telemática da seguinte documentación:

A) Memoria final da investigación realizada nos termos establecidos no apartado 7.2 .

B) Impreso de comunicación de datos bancarios para o rexistro de terceiros, para os efectos de domiciliación dos importes que lle serán aboados pola Deputación da Coruña.

Este modelo atópase no enderezo:

[https://www.dacoruna.gal/files/7016/3973/2048/MODELO\\_DESIGNACION\\_CUENTA\\_BANCARIA\\_GALEGO\\_1.pdf](https://www.dacoruna.gal/files/7016/3973/2048/MODELO_DESIGNACION_CUENTA_BANCARIA_GALEGO_1.pdf)

Para presentar a memoria final ten que entrar na plataforma de tramitación electrónica da Deputación da Coruña SUBTeL, coa súa clave de usuario e contrasinal e realizar o trámite mediante a acción "**Xustificación**".

Para presentar o impreso de comunicación de datos bancarios, ten que entrar na plataforma de tramitación electrónica da Deputación da Coruña SUBTeL, coa súa clave de usuario e contrasinal e realizar o trámite mediante a acción "**Doc. Adicional**". No caso de que a persoa solicitante da bolsa xa achegase esta documentación, e non sufrise variación, non será necesaria a súa achega

### **8.2.- Pago en dous prazos**

O bolseiro poderá solicitar o pago anticipado do primeiro prazo da bolsa. Neste caso, a bolsa aboarase do seguinte xeito, coa retención que corresponda en concepto de IRPF (salvo que esta convocatoria se recoñeza e inscriba no Rexistro xeral de programas de axudas á investigación, segundo o disposto no artigo 2.1 do RD 439/2007 polo que se aproba o Regulamento do IRPF):

**75% (7.500 €)**, despois da presentación da seguinte documentación:

A) Escrito solicitando o anticipo da bolsa.

B) Impreso de comunicación de datos bancarios para o rexistro de terceiros, para os efectos de domiciliación dos importes que lle serán aboados pola Deputación da Coruña.

Este modelo atópase no enderezo:

[https://www.dacoruna.gal/files/7016/3973/2048/MODELO\\_DESIGNACION\\_CUENTA\\_BANCARIA\\_GALEGO\\_1.pdf](https://www.dacoruna.gal/files/7016/3973/2048/MODELO_DESIGNACION_CUENTA_BANCARIA_GALEGO_1.pdf)

Para presentar esta documentación ten que entrar na plataforma de tramitación electrónica da Deputación da Coruña SUBTeL, coa súa clave de usuario e contrasinal e realizar o trámite mediante a acción "**Doc. Adicional**". No caso de que a persoa solicitante da bolsa xa achegase esta documentación, e non sufrise variación, non será necesaria a súa achega

**25% (2.500 €)**, despois da presentación da memoria final da investigación realizada nos termos establecidos no apartado 7.2 das presentes bases.

Para presentar esta documentación ten que entrar na plataforma de tramitación electrónica da Deputación da Coruña SUBTeL, coa súa clave de usuario e contrasinal e realizar o trámite mediante a acción "**Xustificación**".

**Devolución do importe do anticipo:** No caso de producirse a perda de dereito ao cobro da bolsa por algún dos motivos indicados nestas bases a persoa beneficiaria da bolsa tería que devolver o importe do anticipo, xunto cos xuros de demora que se producen dende a data do pago do anticipo ata o día no que se acorde a procedencia do reintegro ou na data que se realice a devolución do importe do anticipo, se é anterior a ésta.

#### **9.- Incumprimentos e sancións.**

Unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado nestas bases sen que a persoa bolseira presentase a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirá para que a presente no prazo improrrogable de 15 días desde a notificación.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda ao dereito de cobro da bolsa outorgada, e ao procedemento de reintegro do primeiro prazo percibido, sen prexuízo das responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións.

A presentación da documentación neste prazo excepcional non eximirá a persoa bolseira da sanción que lle corresponda, por presentación extemporánea da xustificación, segundo a seguinte gradación:

- Ata un mes de atraso: 75 euros
- Entre un e tres meses de atraso: 300 euros
- Máis de tres meses de atraso: 600 euros.

A sanción será descontada do importe da achega provincial que se vai percibir.

De conformidade coa habilitación legal conferida polo artigo 85.3 da Lei 39/2015, de Procedemento administrativo común das administracións públicas, aplicaranse as seguintes reducións ao importe da sanción que resulte da aplicación das normas de baremación e graduación contidas no parágrafo anterior:

a) No caso de que iniciado o expediente sancionador, se a persoa infractora achega un escrito no que reconece a súa responsabilidade e acepta a sanción que se lle puidera impor, o importe desta será reducido nun 60 por cento.

b) No caso de pagamento voluntario da persoa infractora con anterioridade a que se dite a resolución, aplicárase unha redución do 30 por cento.

Estas dúas reducións serán acumulables entre si, de xeito que o recoñecemento da responsabilidade e pagamento voluntario antes de que se dite a resolución correspondente, implicará unha redución do 90 por cento da sanción que correspondería. En todo caso, a súa efectividade estará condicionada á desistencia ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción.

#### **10.- Propiedade dos traballos.**

A propiedade dos traballos será dos/as titulares das bolsas, e a Deputación poderá reservarse durante doce meses os dereitos de editalos.

En calquera edición posterior farase constar que foi obxecto de bolsa por este organismo.

Tamén se fará constar a publicidade do financiamento provincial naqueles casos nos que o traballo obxecto da investigación sexa presentado a congresos, cursos, seminarios ou similares tanto durante a súa elaboración como con posterioridade ao seu remate.

### 11.- Compatibilidade.

As presentes bolsas son incompatíbeis con calquera outras que poidan concederse para o mesmo obxecto e período (aínda que a investigación sexa diferente) por parte de calquera entidade ou persoa pública ou privada.

A obtención dunha bolsa desta convocatoria será igualmente incompatible coa realización de actividades produtivas retribuídas que impliquen vinculación contractual ou estatutaria da persoa interesada, agás aquelas que teñan carácter esporádico e cunha duración total acumulada non superior a 720 horas no período de duración da bolsa.

A inexistencia de ambas circunstancias declárase no momento da solicitude da bolsa, e calquera variación das circunstancias iniciais, deberá poñerse de inmediato en coñecemento da administración.

A obtención simultánea doutra axuda ou a formalización dun contrato de traballo cunha duración acumulada superior a 720 horas no período de duración da bolsa será causa de reintegro da bolsa adxudicada.

Non obstante, excepcionalmente e para os casos en que a incompatibilidade se produza despois da entrega da memoria semestral, poderase valorar a posibilidade de non reintegrar o importe pagado da bolsa, previo informe favorable do xurado e para aqueles casos nos que se desenvolvera polo menos o 75% do proxecto. O xurado deberá valorar o grao de execución do proxecto presentado, mediante unha porcentaxe que será a que determine o importe da bolsa que se aboará. Se o grao de execución do proxecto é inferior ao 75%, procederá o reintegro do importe pagado.

### 12.- Publicidade das bolsas concedidas

A Deputación Provincial da Coruña publicará as bolsas concedidas na Base de Datos Nacional de Subvenciones.

### 13.- Protección de datos persoais

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Deputación da Coruña coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para facilitar o exercicio dos dereitos, a Deputación pon ao seu dispor un modelo de solicitude

([https://sede.dacoruna.gal/sxc/gl/procedimientosytramites/tramitesEjercicioDerechosLOPD\\_N](https://sede.dacoruna.gal/sxc/gl/procedimientosytramites/tramitesEjercicioDerechosLOPD_N))

#### Disposición adicional primeira

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito a favor das entidades solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

#### Disposición adicional segunda.

A participación na convocatoria supón a aceptación destas bases reguladoras.

#### Disposición final.

Para os casos non previstos nas presentes bases, será de aplicación a Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e as Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación do ano 2024.

A Coruña, 11 de marzo de 2024.

O presidente,

Valentín González Formoso

A secretaria,

Amparo Taboada Gil

2024/1674